

Concello e panadeiros do
Porriño valoraron
realizar unha mostra en
outubro

Páxina IV

Salceda crea 100 prazas
de aparcamento gratuíto
no entorno do novo
Centro de Saúde

Páxina VI

Mos forma aos
hosteleiros para a nova
normalidade

Páxina VII

A Deputación acometerá
máis de 700 actuacións
en 371 estradas

Páxina XI


Tui e Zona Franca tratan
da ampliación do Parque
Empresarial de Areas

Páxina XII



Vinte días de espera para unha consulta de atención primaria no Rosal

Páxina X



ENTREVISTA

Entrevista a Marina Bakhtina, presidenta da Asociación “Eslavos en Galicia”

A pegada galega na Gran Guerra Patriótica contra o fascismo

Por Roberto Mansilla Blanco

Con motivo do 75º aniversario do final da II Guerra Mundial, a presidenta da Asociación “Eslavos en Galicia”, Marina Bakhtina, explica ao noso medio A Peneira Eixo Atlántico o seu proxecto de identificar aos combatentes galegos que participaron nas forzas soviéticas durante a II Guerra Mundial, coa finalidade de salientar a través dunha homenaxe a súa achega na loita contra o fascismo.

É relevante destacar que a presenza galega dentro das forzas militares da URSS que loitaron na Gran Guerra Patriótica contra a invasión nazi-fascista está escasamente documentada. Polo contrario, existe maior información sobre os galegos enviados polo franquismo á fronte rusa, a través de la División Azul, tamén coñecida como Lexión Española de Voluntarios en Rusia. Algúns deles, case uns 40 galegos, a maioría da División Azul pero tamén algúns republicanos, foron posteriormente enviados a distintos Gulag en territorio soviético.

Marina Bakhtina explica para A Peneira Eixo Atlántico a trayectoria da súa asociación en Galicia e o proxecto que está impulsando de identificar e homenaxear aos galegos combatentes nas forzas soviéticas contra o fascismo.

Cando se crea a Asociación “Eslavos en Galicia”?

Creouse na primavera de 2016 en Vigo, onde ten a súa sede. O obxectivo era unir aos inmigrantes rusofalantes que viven en Galicia para manter a nosa cultura eslava,

ensinar o noso idioma, os nosos contos e literatura aos nosos fillos, educando no exemplo dos nosos contos e folclore nacionais. Tamén pretendemos difundir a nosa cultura eslava entre a sociedade galega. En Galicia, en xeral, hai mais de 1.000 persoas rusofalantes de distintas nacionalidades como rusos, ucráinos, bielorrusos, moldavos, kazajos, xeorxianos, lituanos, letonios, estonios. Non todos son membros da asociación pero mantemos contacto permanente polas redes sociais.

Entre as actividades de difusión da Asociación está celebrar cada 9 de maio a

victoria na Gran Guerra Patriótica sobre o fascismo. Dende fai algúns anos, en Rusia, a sociedade civil impulsa o que coñécese como o Movemento do Rexemento Inmortal, en lembranza dos que combateron ao fascismo. Poderías explicarnos en qué consiste esta actividade en Galicia?

En 2017, a Asociación realizou unha actividade sobre o Rexemento Inmortal nas instalacións da Oficina Municipal de Distrito do Casco Vello de Vigo. En 2018 realizouse o primeiro desfile pola rúa de Príncipe en Vigo coas fotografías dos nosos avós e pais que combateron na II Guerra Mundial, tal e como se fai en Rusia. En 2019, realizamos ese desfile no Monumento dos Caídos polo Fascismo durante a Guerra Civil española localizado na avenida de Samil, onde fixemos unha ofrenda floral. Este 2020, tomando en conta o confinamento motivado pola pandemia do COVID 19, organizamos un vídeo proxecto online, onde participaron membros da asociación e outros inmigrantes rusofalantes, para manter a tradición de honrar a todos aqueles que combateron ao fascismo e que celebramos como o Rexemento Inmortal.

Actualmente a Asociación está buscando información sobre os combatentes galegos que uníronse á Gran Guerra Patriótica contra o fascismo a través da súa participación nas forzas soviéticas, sexan



Rexemento Inmortal. Ofrenda floral e homenaxe ante o Monumento dos Caídos polo Fascismo durante a Guerra Civil española localizado na avenida de Samil. Maio de 2019



Rexemento Inmortal Vigo 2. Fotografías de familiares combatentes durante a Gran Guerra Patriótica.



Marina Bakhtina, presidenta da Asociación “Eslavos en Galicia”

estes “nenos da guerra” ou exiliados e refuxiados de orixe galego na URSS. Poderías explicarnos sobre este proxecto?

A Asociación forma parte da Unión de Organizacións de Compatriotas Rusos en España. Unha das ideas desta Unión é homenaxear aos combatentes españois contra o fascismo na Gran Guerra Patriótica. Descubrimos información que algúns galegos tamén participaron nas forzas soviéticas, sendo a maioría deles republicanos. Como estamos en Galicia, queremos homenaxear a eses combatentes galegos. Dende a Embaixada da Federación Rusa en España viron con bos ollos este proxecto e apoiáronos. É por iso que buscamos información, nomes destes combatentes, familiares que nos poidan axudar e contar sobre a súa participación nesta guerra, onde combateron, etc.

FUCO PRADO



Por Manuel Estévez

Land Art

Houbo un tempo que Rosario Palacios, a pintora burgalesa de Cogollos fixera unha incursión no alfoz de Burgos, para darlle forma nas telas ao abandono dos pombais, un rexistro do pasado e unha decadencia do presente, nos campos do pan, entre as vías pecuarias da provincia.

Moí próximo a unha delas sitúase un moble de abode que pertencera a súa avoa Teodora, nome que lle servira de título para unha exposición outrora. Logo instalada no Condado-Paradanta e Arousa, deambulou polas vilas e cidades, batendo de fronte con murales ou mesmo -arte urban- firmado por creadores chegados de diferentes lugares e mesmo galegos, uns e outros, autores de impresionantes rutas de cor, na cidade de Vigo, Carballo e Ferrol en terras coruñesas ou Sober nas luguesas da Ribeira Sacra.

Afoute, fixouse na idea e non tardou en transportar as paredes do pombal utilizando seus recursos, unhas pinturas de diferentes tons, que gardaba no mesmo local que fora criadeiro de pombiños, em-

pregando rosa para fondo e verdes, vermello, azuis, negro, entre outros matices para loros en lugar de pichons, moi perto onde estivera O Azor de Franco, ambo-dous, antes e agora, forman parte do chamado "feísmo" que se estende por moitos lugares do país.

Autoproclamándose así mesma como Presidenta de "A Cañada do Arte" e poñendo en coñecemento da comunidade agredada

seus logros individuais, o mural citado e trazos sobre paredes como o que dice ser "mi última obra Lan Art. Orive", unhas calas as que se acerca un duende tocando a fruta dexando atrás a semente de notas musicales sobre un soporte que nada ten que ver co movemento que menciona.

Land Art é unha corrente contemporánea na que a paisaxe e a obra están conectados. Utiliza a natureza como material, ben sexa madeira, terra, pedras, area, vento, auga, entre outros para intervir en si mesma, tendo a Richard Long como un dos máximos representantes con obras na Co-

munidade Galega, igual que Fernando Casás e outros patentes na Illa das Esculturas a beira do Lérez en Pontevedra ou aquelas outras que se estenden na bisbarra do Condado-Paranda que formaran parte dun plan de actuacións sobre o entorno paisaxístico realizados no ano 2001 a través dunhas becas financiadas polo Plan Leader II da Comunidade Europea asinadas entre outros por Jesús Valmaseda, Pedro Sardiña, Manolo Rial, Carlos Tejo, entre outros destacados nomes da plástica deste país.

Obras medioambientales do artista búlgaro Christo Vladimirov que acaba de finar, o mesmo que envolvera Reichstag en Berlín, Pont-Neuf de París e o Central Park, este último con telas de color azafrán

En meses aínda recentes manifestara que o seu espazo estaba nas leiras de Vilanova de Arousa e avisaba que os páxaros de foran preparando. Mais esa idea levouse a cabo en moitos lugares do país e a beira dos Camiños de Santiago baixo o slogan de "Retorno dos coidadores das hortas", no que participaron mais dun centenar de creadores de distintas disciplinas e colaboradores campesiños, avalado polo inescrutible Neira Vilas, autor do libro "Espantallito Amigo"



"Tendal de Titan", unha obra Land Art en A Cañiza realizada por Sardiña

As Piscinas públicas da comarca non abrirán as súas portas este verán para garantir a seguridade fronte á COVID 19

Os Concellos de Salceda de Caselas, Arbo, Crecente, As Neves, Tui, Salvaterra de Miño, O Porriño, Covelo, Cañiza e Mondariz veñen de emitir un comunicado conxunto anunciando a non apertura das instalacións das piscinas municipais este verán como medida ante a pandemia da COVID 19. A decisión tómasse tras unha exhaustiva análise da situación, unha vez se recibiron os protocolos elaborados dende o Ministerio de Sanidade, que establecen unhas condicións ás que dificilmente poden acceder os diferentes Concellos pola multitude de normas

que recollen: as contínuas labores de limpeza e desinfección, a distancia de seguridade de dous metros establecida entre as persoas usuarias das piscinas, as limitacións do tempo de permanencia nas instalacións ou a limitación do aforo a un tercio como máximo fai que o acceso ás piscinas se convirte case nun privilexio ao que pouca xente podería acceder.

A decisión, tomada de xeito conxunto polos diferentes Concellos, primou ante todo a seguridade da veciñanza que acuda ás piscinas municipais. Tamén se tivo en conta o obxectivo fundamental destas instalacións de le-

cer: que as persoas vaian disfrutar dun momento de tranquilidade, o cal tamén se vería interrompido polas contínuas labores de desinfección e limpeza que se terían que levar a cabo obrigatoriamente, así como polas restriccións de uso de instalacións precisas como aseos, duchas e vestiarios.

Por outra banda, para o funcionamento das piscinas deben realizarse aportes contínuos de auga, controlar a cloración nos máximos, utilizar desinfectantes constantemente e outras cuestións que perxudican notablemente o medioambiente, preocupación que tamén amosaron

os diferetes Concellos.

Para estes Concellos é fundamental garantir a seguridade das súas veciñanzas, polo que de abrirense as instalacións aplicaríanse con rigor as medidas establecidas, o que imposibilitaría o disfrute por maior número de veciños, que non poderían usar as mesmas ou, de facelo, terían que observar as normas restrictivas de uso, por mor da Covid 19.

O peche será aproveitado polos Concellos para acometer as melloras precisas para que as piscinas



municipais poidan volver abrir cando a situación así o permita, e poidan facelo con tódalas garantías sanitarias precisas.



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosspanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69 - redaccion@novasdeturonio.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Dpto. propio e axencias
publicidade@novasdeturonio.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 40-2016

LOURINHA

O PORRIÑO

Concello e panadeiros do Porriño valoraron realizar unha mostra en outubro e outras accións promocionais

Goberno municipal e panadeiros do Porriño valoraron a posibilidade de realizar no mes de outubro, unha Mostra do Pan que palíe a suspensión da quinta Feira anual, cancelada pola pandemia do Covid-19.

A mostra tería lugar nun único día, probablemente un domingo, nun recinto pechado que podería ser o Pavillón Municipal, o que permitiría establecer controis de acceso e un circuito de percorrido de entrada e de saída para facer cumprir a garantías sanitarias que se establezan para entón..

Esta posibilidade valorouse na reunión que Cami Moreira, concelleira de Cultura e Festas e Sergio Casal, concelleiro de Comercio mantiveron cos representantes do sector de panadeiros do Porriño, acompañados por Noe-



lia Conde, xerente da asociación empresarial ACIPOR. Acudiron Luís Miguel Iglesias, de "A Maquía"; José Manuel Fernández, de "O Forno de Mosende"

En vindeiras semanas, ambas partes madurarán esta e outras posibilidades de colaboración. Entre elas, acordouse que a Conce-

lleira de Cultura dea un pulo ao selo "Pan do Porriño" que está actualmente en proceso de certificación. Sería con accións promocionais que inclúan "algún tipo de exposición referida por exemplo á historia dos fornos de pan na vila", manifestou Cami Moreira, ao termo da reunión.

O Polideportivo acollerá as probas da "ABAU" de alumnos do Porriño e Mos

O Polideportivo Municipal acollerá as probas da Avaliación de Bacharelato para Acceso á Universidade (ABAU) de alumnos de cinco centros de Porriño e Mos que se realizarán os días 7, 8 e 9 de xullo, en aplicación dos protocolos de seguridade e prevención do Covid-19.

Segundo o acordo acadado esta semana entre a Universidade de

Vigo e o Concello do Porriño, representado por Lourdes Moure, concelleira de Educación, realizarán no polideportivo porriñés estas probas os alumnos dos IES "Ribeira do Louro" e "Pino Manso", do Porriño así como os alumnos procedentes do IES de Mos e dos centros privados "Colegio Lar" e "Colegio Los Sauces". Utilizaranse as pistas do pavillón 1 e 2 segundo

o número de estudantes.

O material a empregar para a realización dos exames e os espazos a ocupar, serán obxecto dun protocolo diario de desinfección e limpeza. A Policía Local do Porriño establecerá un perímetro de seguridade nos accesos ao Polideportivo Municipal, habilitando un circuito de entrada e saída para os vehículos.

O concelleiro Sergio Casal comprometido co Polígono Industrial da Granxa

Casal Quintas, responsable de comercio e industria do Concello do Porriño asistiu á reunión da comisión delegada da Entidade Urbanística de Conservación do Polígono Industrial de A Granxa e comprometeuse a instalar máis contedores de lixo e mellorar a sinalización vertical no polígono.

O concelleiro e a representación de empresarios do Polígono, encabezados por Indalecio Cuevas e

David Sobral, presidente e xerente da Entidade Urbanística de Conservación, abordaron máis asuntos. Acordaron facer consultas coa Xunta de Galicia interesando infor-



mación sobre o estado das obras de conexión da Autovía A-55 coa estrada de Salceda. Tamén se de-

terminou consultar coa empresa adxudicataria do asfaltado da rotonda de entrada ao Polígono.

Estrea da primeira sala de estudo do Concello do Porriño



O 9 de xuño tivo lugar a estrea da primeira Sala de Estudo Municipal, creada polo Concello do Porriño, nas instalacións do Centro Cívico, na rúa Domingo Bueno, n.º 13. A sala de estudo funciona inicialmente cun horario de 8,30 a 14,30 horas, de luns a venres, e coas garantías de seguridade sanitaria polo COVID-19.

A súa creación é unha iniciativa da Concellería de Cultura que dirixe Cami Moreira. Ca súa ubicación no Centro Cívico, baleirouse á Biblioteca Municipal, separando o estudo da lectura, o que permitirá gañar espazo

na Biblioteca para implementar novos servizos.

Segundo explicou a concelleira, "este novo espazo vén complementar á Biblioteca Municipal, coñecida polo seu labor e sentido de pertenza tanto de porriñesas e porriñeses, como da contorna". "Ao mesmo tempo esta separación de espazos con funcións diferenciadas, dará solucións, tanto ás persoas que buscan un lugar para estudar comodamente e en silencio, coma que a Biblioteca Municipal recupera o seu espazo para implementar os servizos bibliotecarios a todas as persoas que queiran gozar do fondo bibliográfico".

O Porriño rexistra 136 altas no padrón de habitantes durante o estado de alarma

O Porriño medrou en 136 habitantes durante o período comprendido entre o 13 de marzo e o 12 de xuño, data da última actualización do padrón municipal.

Neste período rexistráronse no Porriño 35 nacimentos e 101 cambios de residencia.

A alcaldesa Eva García valorou "con sorpresa" que O Porriño "presente estes datos de crecemento de poboación nun espazo tan curto de tempo".

A alcaldesa manifestou que "debemos estar orgullosos de que a nosa poboación medre dun xeito tan significativo". Eva García engadiu que "moitas persoas consideren que O Porriño é un lugar axeitado para residir, supón o recoñecemento a que o noso concello é unha alternativa residencial á gran urbe que é Vigo e que, polo tanto, podemos prestar servizos de moi boa calidade e ser unha cidade que estea pensada para os cidadáns".

O PORRIÑO

Un proxecto sobre o festival de Cans estará na Bienal de Venecia de Arquitectura, a máis importante do mundo

A Bienal de Venecia de Arquitectura, considerada a máis importante do mundo, acollerá na vindeira edición un proxecto baseado no Festival de Cans e os seus "jalpóns", que cada ano se converten en espazos dedicados ao cine.

O proxecto "Cans: arquitectura de consenso", foi desenvolvido polos arquitectos Juan Creus e Covadonga Carrasco, do prestixioso estudio arquitectónico de A Coruña CreuseCarrasco, e foi un dos 34 proxectos seleccionados entre varios centenaes.

Estes dous arquitectos, seguidores do Festival de Cans e bos coñecedores dos espazos da aldea, presentaron un proxecto tentando responder á pregunta que formula a Bienal de Venecia nesta edición: "Como vivir xuntos?". Os eixos centrais do traballo baséanse na idea de Cans como un proxecto que estimula a recuperación do



Proceso de transformación do Cuberto de Antonio, un dos espazos que estará no proxecto da Bienal de Venecia

patrimonio, explora novas formas de convivencia, e pon en valor o sentimento de colectividade.

No Pavillón Español da Bienal de Venecia, que terá lugar en 2021, explicárase o Festival de Cans desde o punto de vista da arquitectura e a transformación de espazos de uso cotiá en salas de cinema. Expoñeráse material

gráfico vídeos e paneis, así como un espazo dedicado a un plano da aldea coas maquetas físicas deseñadas expresamente para esta exposición.

Creus, doutor en arquitectura e profesor da Escola Técnica Superior de Arquitectura da Universidade da Coruña, coordina tamén a actividade "Cans Proxecta", na

que explora posibilidades para reflexionar sobre os espazos da aldea e a súa paisaxe.

Unha vez conclúa esta exposición no Pavillón Español da Bienal de Venecia, o Festival de Cans contactará con diferentes institucións para intentar que o proxecto "Cans: arquitectura de consenso", poida ter visibilidade en Galicia.

O mercado ambulante volverá o martes 23

Sergio Casal, concelleiro de Mercados e representantes do sector de vendedores acordaron hoxe que o mercado ambulante do Porriño reanudarase o vindeiro martes 23 de xuño.

Haberá unha nova distribución de espazos. Concelleiro e ambulantes acordaron que os postos de venda só sexan montados nun lateral da rúa.

Cada posto ocupará un máximo de 6 metros lineais e haberá unha distancia de 2 metros co seguinte. O primeiro posto será montado á altura do establecemento "Colleo con pinzas" e seguirán por orde colocándose cara ao Concello.

Os postos de venda de produtos alimentarios e prantas instalaranse na rotonda de San Sebastián. Para garantir que o mercado ambulante funcione con normalidade, a rúa Pío XII estará cortada ao tráfico rodado.

No que atinxe á limpeza, cada ambulante comprométese a recoller en sacos e bolsas o lixo que se produza no seu posto. E, ademais, en todos os postos de venda haberá xel hidroalcolico e será obrigatorio o emprego de máscaras de protección.

Non obstante, concelleiros e representantes dos ambulantes volverán reunirse o vindeiro mércores para rematar detalles.

O Porriño segue contratando a dedo a limpeza viaria pese a ter adxudicado o servizo

Os populares de O Porriño reclaman ao Concello que proceda de inmediato á limpeza e mantemento das estradas e camiños de todas as parroquias do municipio.

A maleza invade estradas e camiños municipais, sendo en moitos puntos intransitables. Supoñen un risco para a seguridade de peóns e condutores e agravan

o perigo de incendio ás portas da tempada de alto risco.

Os traballos de eliminación da maleza e limpeza de estadas e de limpeza diaria parques infantís e xardíns foron adxudicados definitivamente, por acordo plenario do pasado 27 de maio, á entidade Urbaser sen que a día de hoxe o Goberno Municipal fixera efectiva a concesión.

"É inasumible e inxustificable que o Goberno Municipal continúe contratando a dedo para levar a cabo estes traballos á mesma empresa á que se lle retirou a concesión por incumprir os pregos do contrato", denuncia o portavoz, Alejandro Lorenzo, "E ademais, de xeito evidente non se está prestando este servizo en condicións".



TALIER
SALÓN

Alfonso Vázquez Fraile, 5 b). PONTEAREAS
CITA PREVIA ☎ 986 641 579
peluqueriataliermt@gmail.com

GLITTER
Tu tienda especializada en
PATINES
ACCESORIOS, RECAMBIOS
Y COMPLEMENTOS
MALLAS, BAÑADORES, DANZA, etc.

C/. Virgen de Los Remedios, 16
PONTEAREAS Tlf. 986 17 78 63
glittercb2016@gmail.com 645 38 96 68

WILSON'S BAR
O TEU BAR DO MOTOR!

Avda. Castelao, 11 Ponteareas

LOURINHA

O PORRIÑO

Salceda pídelles á Xunta a reparación do vial entre a EP2505 e a rotonda elevada sobre a P0510, “un perigo para vehículos e persoas”

Alcaldesa de Salceda, Loli Castiñeira, reiterou diante da Axencia Galega de Infraestruturas que se acometa o asfaltado de urxencia da vía de servizo existente entre a EP-2505 a glorieta elevada sobre a P0-510 polo seu mal estado, que non reúne as condicións mínimas para a circulación de vehículos.

Cabe lembrar que o pasado ano o propio Concello quixo realizar obras de reparación do mencionado vial contando co permiso verbal por parte da Xunta de Galicia, pero no momento da execución a administración autonómica paralizou dita obra, anunciando incluso a apertura dun expediente ao Concello de Salceda.

Finalmente a AXI autorizou ao Concello a realizar as obras de



mellora, pero establecendo uns condicionantes imposibles de acometer por parte da administración local, pois levar a cabo o proxecto cos mencionados condicionantes supón un investimento que ronda os 50.000 €, que o Concello ademais non podería imputar a ningún tipo de subvención por tratarse

dun vial propiedade da Xunta de Galicia, e polo tanto a Administración Autonómica é a responsable de mantelo nas condicións óptimas de utilización.

Dende o Concello xa se lle deu traslado á Xunta do mal estado do vial no mes de xaneiro, e o pasado 3 de marzo reincidiuse na

petición, indicando na mesma que “case dous meses despois, non se tomaron as medidas pertinentes por parte da AXI (Axencia Galega de Infraestruturas), e o mencionado vial presenta un estado que o fai practicamente intransitable”. O equipo de goberno, entendendo que o momento que

vimos de vivir dificultou a execución da obra, respetou as semanas de confinamento, e onte xoves volveu enviar unha nova solicitude á Xunta de Galicia (a terceira) para que acometese canto antes a reparación, que neste momento resulta aínda máis importante para poder aliviar de tráfico a recén humanizada rúa Gándara, que gana así máis espazo para as persoas, fundamental nestes momentos en que resulta vital manter a distancia física entre

persoas.

Según un informe do arquitecto municipal, o vial deteriorouse debido o aumento do tráfico rodado, polas obras realizadas en agosto pasado polo Concello, e as condicións climatolóxicas adversas dos últimos meses. Este informe considera que a situación do vial é un perigo tanto para os peóns como para os vehículos.

Loli Castiñeira, Alcaldesa de Salceda: “A Xunta de Galicia, saltándose o principio de colaboración entre administracións, impediu o arranxo do vial por parte do Concello, e agora manteno nunhas condicións deplorables que impiden o seu uso por parte de vehículos e camiñantes. Unha vez pasado o confinamento, a Xunta ten que dar resposta á nosa solicitude canto antes”.

Salceda crea 100 prazas de aparcamento gratuito no entorno do novo Centro de Saúde

O Concello de Salceda de Caselas ven de rematar a adecuación de dúas novas zonas de aparcamento no entorno do novo centro de saúde, na Rúa Mártires de Sobredo. Os novos espazos, que suman en torno a 2.200 metros cadrados e supoñen a creación de 100 novas prazas de aparcamento gratuito en pleno casco urbano, estarán dispoñibles para ser usados nas vindeiras semanas, unha vez se

proceda ao pintado da zona. Neste caso trátase de dous terreos municipais, que agora se poñen a disposición da veciñanza.

Con este son xa 16 os aparcamentos esparcidos por todo o núcleo urbano en zonas comerciais e administrativas. Estas áreas resultan fundamentais para a axilización do tráfico e para seguir a conseguir unha maior calidade de vida na vila, seguindo o previsto no Plan de mobilidade sus-

tentable de Salceda, na procura de permitir o estacionamento práctico, cómodo e gratuito para os novos espazos da vila.

Neste caso falamos de dous espazos que resultarán fundamentais en pouco tempo coa apertura do novo centro de saúde, prevista para este verán. A actuación comprende tamén a creación de prazas reservadas para o persoal sanitario, ambulancia e persoas con discapacidade.



Loli Castiñeira, Alcaldesa de Salceda: “Levamos creado case 1.000 prazas de aparcamento gratuito no centro da vila, o que se fai máis importante que nunca nun momento como o que estamos a vivir, en que se fai funda-

mental a recuperación de espazo para as persoas. Coa adecuación destes novos espazos damos o último paso para a esperada apertura do novo centro de saúde. Salceda está preparada para esa gran data”.



ALFESO

Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIONES
TODO TIPO DE XESTIÓNS COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B · 36860 PONTEAREAS · T. 986 66 00 00 · F. 986 66 01 03

O Concello de Salceda reabre o seu mercaño dos mércores

O Concello de Salceda de Caselas ven de anunciar a reanudación do mercado semanal dos mércores a partir deste mércores 27 de maio, máis de dous meses despois da súa suspensión por mor do decreto de estado de alarma. Nesta primeira fase volven os postos do sector agroalimentario, 15 no caso de Salceda de Caselas, o que supón algo menos do 25% dos postos totais do mercado. O sector téxtil terá que agardar polo de agora a que as novas normas permitan o seu retorno con tódalas garantías sanitarias.

O Concello ten coordinado coa policía local o dispositivo de funcionamento do mercado a partir deste mércores, coa colocación de vallas e encintando



que delimiten a zona de paso da clientela, así como coa colocación de cartelería ao longo de todo espazo, na que se recollerán as normas a cumprir polas persoas que acudan a facer as súas compras. A policía local velará polo cumprimento do aforo nestes postos, tal como se ven realizando xa nos últimos dous meses

na praza de abastos.

Lembran dende o Concello a obrigatoriedade de asistir con máscaras protectoras a realizar as compras, así como de gardar as distancias e cumprir coas instrucións que vaia indicando a propia policía local, que neste caso contará co apoio de protección civil.

A Xunta financia a atención temperá da agrupación dos concellos das Neves e Salceda de Caselas con 105.383 euros

A Xunta concedeu axudas por uns 2 millóns de euros para financiar 28 unidades de atención temperá, dez delas de nova creación. Deste xeito, a agrupación de concellos composta por As Neves e Salceda de Caselas contará cunha subvención de 105.383,70 euros para manter a contratación dunha fisioterapeuta, dúas logopedas e unha psicóloga.

Deste xeito, O Diario Oficial de Galicia (DOG) do pasado 26 de maio publicou a listaxe de concellos e agrupacións de concellos beneficiados desta liña de achegas cofinanciada polo fondo social europeo e coa que a cobertura deste servizo chega xa a 129 localidades da nosa comunidade.

Do importe total das axudas, 318.000 euros destínanse a financiar a decena de unidades de nova creación, sete en agrupacións de concellos e tres en municipios individuais. Entre as primeiras está, na provincia de Pontevedra, a da Mancomunidade do Baixo Miño e a do concello de Gondomar.

A maiores destas 28 unidades promovidas a través desta liña de axudas, a Consellería de Política Social subvenciona o funcionamento doutras tres unidades que xestiona por medio da Asociación Galega de Atención Tem-



perá (AGAT), dúas delas na provincia de Pontevedra, a das comarcas do Deza e o Salnés. Ademais, esta rede galega de atención á infancia dispón tamén de recursos nos ámbitos sanitario, educativo e dos servizos sociais.

Prevención de trastornos

As unidades de atención temperá son fundamentais para identificar e actuar sobre os trastornos que poidan sufrir no seu desenvolvemento nenas e nenos de 0 a 6 anos de idade. O Goberno galego segue a apostar por este modelo baseado na prevención, a identificación e o tratamento precoz para dar resposta ás necesidades específicas que poidan presentar estes menores.

A atención temperá facilitallas ferramentas para gañar autonomía xa desde a infancia para que gocen dunha maior calidade de vida cando sexan maiores. Así mesmo, ao actuar antes hai máis opcións de evitar que os trastornos no desenvolvemento perduren no tempo e sexa máis difícil corrixilos.

Mos forma aos hosteleiros para a nova normalidade

Tras o Estudo do Impacto Económico do COVID-19 en Mos que desvela que o da hostelería é o sector máis afectado, o Concello emprende accións específicas para axudar á súa recuperación.

Entre as devanditas accións atópase a formación sobre o COVID-19, impartida presencialmente o mércores 17 de xuño nas aulas TIC da Axencia de Colocación. Tamén se lles deu a oportunidade de participar no curso de xeito telemático, on line.

Participaron un total de 30



persoas, 10 en horario de mañá e 20 pola tarde.

Facilitóuselle a través da web comerciosegurogalicia.gal a análise gratuita da súa empresa sobre cumprimento da normativa COVID-19 nos seus negocios.

Impartíuselles formación ma-

teria de seguridade e prevención libre de COVID-19 e sobre como presentar a carta dixital a través de Código QR. Aqueles que teñan dificultade contarán co apoio dos técnicos da Axencia de Colocación de Mos para crear as cartas de Código QR.


**GASOLEOS
TEA**

Distribuidor oficial REPSOL para:

CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN

SERVICIO A DOMICILIO


PONTEAREAS | 986 66 13 90
986 66 13 89

A GUARDA | 986 61 43 61



CONFITERIA
Regino

Rosquillas . melindres . variadito de pasteles
sublime de cacao . tarta de té
rocas de chocolate . tarta de franbuesa
tartas personalizables con foto a partir de 2 kg

Reveriano Soutullo, 16 Ponteareas 986 640 834

REPORTAXE

Por Roberto Mansilla Blanco

“Crecer xuntos en vez de manternos sós”

Innovadoras experiencias no Mercado de Abastos de Baiona durante a pandemia

A comarca de Val Miñor concentra unha notable afluencia turística que repercute na economía local. Destaca tamén a súa proximidade a centros urbáns como Vigo, a través dunha área metropolitana de importante actividade económica. Neste sentido, na comarca do Val Miñor, as súas Prazas de Abastos e Mercados son un termómetro importante para medir o desenvolvemento local.

Con pouco máis de 44.000 habitantes, esta comarca, que igualmente está incluída dentro da Comarca de Vigo debido a súa área metropolitana, concentra unha forte poboación rural, unha clientela importante para as prazas de abastos, principalmente de persoas de avanzada idade tomando en conta a súa maior dificultade de mobilización de cara ás principais urbes do sur de Galicia.

Por tanto, o estado de alarma e o confinamento derivado da pandemia do COVID 19 tivo obviamente un efecto directo na economía da comarca do Val Miñor.

Con todo as vicisitudes propias da corentena motivada polo estado de alarma, un clima de moderado optimismo observouse na Praza de Abastos de Baiona, centro turístico de enorme importancia dentro desta comarca. O seu Mercado de Abastos “mantivo unha notable actividade” comercial durante os meses de confinamento e da posterior desescalada, segundo comentou Fernando, membro da Asociación de Praceiros e rexentor dunha cafetería neste mercado.

Esta praza de abastos conta con 7 postos comerciais, nos que destacan obviamente o peixe, a carne, a froita, os embutidos, licores, as verduras e os produtos



ecolóxicos.

Durante o confinamento, o mercado baionés foi prolífico no impulso de iniciativas comerciais pioneiras, tales como “Cociña Mercado” e “Mercado Solidario”, que permitiron reforzar a relación coa súa clientela local, fomentando a compra e o consumo de produtos frescos de primeira calidade. “Crecer xuntos en vez de manternos sós”, foi a misiva destas campañas e iniciativas, que potenciaron enormemente as vendas a domicilio e o servizo “take away”.

Para iso, contaron coa colaboración da hostalería local, a través de establecementos como La

Micro y Ecoadega, que xestionan a cociña do mercado, para a elaboración de pratos preparados para todas aquelas persoas que non puideran desprazarse fisicamente ata o mercado. Compre destacar a importante campaña de difusión destas iniciativas, vía redes sociais, potenciando ó mesmo tempo o servizo online e a domicilio.

Os locais propios do mercado, como Pescados Ana, Carnicería Cardíño e Dacolá, “O Canizo”, contribuíron igualmente con estas iniciativas, o cal non só repercutiron na saúde comercial deses establecementos senón tamén nos comercios locais próximos á praza de abastos.

Seguindo coas iniciativas, nas que destacaron con anterioridade á pandemia as de reciclaxe, sobresaie igualmente a de convidar a un café aqueles clientes con compras superiores a 20 euros no mercado. Unha idea enfocada na atención e atracción de novos clientes.

Este enfoque de optimismo foi corroborado por Víctor Manuel Muñoz Encinas, concelleiro de Urbanismo, Comercio e Mercado no Concello de Baiona. Destacou a “boa experiencia” destas iniciativas impulsadas polo Mercado de Abastos e como a cidadanía baionesa respondeu con notable nivel de satisfacción.



CAMPAMENTO URBAN BAIONA 2020

NIÑAS E NIÑOS DE 5 A 11 ANOS

Infórmate na Concellería de Cultura, 986385921 ou en xuventude@baiona.org



ACADEMIA EIS

ORDENADORES • CONSUMIBLES • REPARACIONES

Rúa Casal Aboi, 10 Baixo - 36.700 TUI
Telf: 986 600 272 - Móvil: 658 855 661
eis_academia@hotmail.com



Por Roberto Mansilla Blanco

Pausada normalidade no Mercado de Abastos de Tui

O peche da fronteira portuguesa pola pandemia afectou á comarca do Baixo Miño

A Comarca do Baixo Miño, localizada no sur da Provincia de Pontevedra, fronteiriza co Norte de Portugal, conta cunha poboación de máis de 50.000 habitantes. Ten igualmente proximidade xeográfica coas Comarcas de Vigo, O Condado e Val Miñor.

O Concello de Tui é con toda seguridade o máis importante desta comarca “miñota”. Con máis de 17.000 habitantes, conta coa maior poboación das comarcas que forman parte desta mancomunidade.

En canto á actividade comercial, Tui serve de paso obrigado para peregrinos do Camiño Portugués de Santiago e conta cunha notable rede de gastronomía local,

destacando tamén a actividade industrial, a través do Parque Empresarial das Areas, o Outlet Tui e a súa vantaxe outorgada pola proximidade xeográfica co Norte de Portugal, que repercute claramente na economía local tudense a través da masificación de clientes portugueses.

Tui conta cunha praza de abastos con máis 20 postos comerciais dentro do mercado. Este mercado está actualmente xestionado Ana María Núñez Álvarez, Concelleira de Emprego, Formación, Igualdade e Xuventude, Comercio e Mercado no Concello de Tui.

En xaneiro de 2020, o Concello de Tui encargou a realización dun estudo financiado pola Xunta de Galicia para converxer a súa praza

de abastos nun Mercado de Excelencia. Este estudo consideraba que a praza ten actualmente unha ocupación comercial do 43%, de calidade media-alta, destacando o peixe como produto principal pero tamén locais de froitería, floristería e carnicería.

Non obstante, o obrigado confinamento motivado polo estado de alarma da pandemia do COVID 19 desde mediados do pasado mes de marzo repercutiu obviamente na fluidez da actividade comercial da praza de abastos tudense. Con todo, este mercado de abastos observou unha actividade “óptima”, en particular nas últimas semanas, de acordo con algúns vendedores da praza que foron entrevistados durante



a nosa visita.

Tomando en conta as necesarias medidas sanitarias e de seguridade indicadas polas autoridades competentes, as praceiras e praceiros do mercado de abastos de Tui potenciaron o servizo a domicilio, a través das encargas por teléfono para evitar os desprazamentos dos clientes e que a permanencia de persoas na praza fora do menor tempo posible, respectando os protocolos de distanciamento social.

Segundo comentounos a rexentora dunha floristería do mercado, ó principio do confinamento o clima de vendas era “fatal”, pero pouco a pouco foise recuperando aínda que “non coma antes” da chegada da pandemia e do estado de alarma.

Entre os vendedores de peixe e mariscos, a diagnose é diferente. “Ó principio houbo un boom, porque a xente quería ter peixe e conxelados, pero coa normalidade, a cousa foise nivelando un pouco a menos”, comentounos un dos

vendedores, quen asegura que eses produtos conxelados “requirían dun gasto económico para mantelos frescos” dentro dos frigoríficos, polo que “se as vendas non acompañan, faise máis difícil”.

Debe igualmente salientarse que o peche da fronteira co Norte de Portugal, en especial con Valença do Minho, exerceu un efecto claramente negativo para a economía local tudense, en gran medida dependente deses clientes portugueses. Un efecto do que non escapou a súa praza de abastos.

Neste sentido, ante a proximidade do peche de fronteiras decretado a mediados de marzo e os temores da poboación, principalmente dende a ribeira portuguesa, sobre un eventual desabastecemento, algunhas persoas comentáronos que xerouse unha situación certamente caótica dentro de Tui, debido á avalancha de persoas de localidades próximas portuguesas como Valença do Minho, Arbo, Monção, que viñeron a comprar desesperadamente.



PONTEVEDRA

A Deputación apoia o traballo das mulleres ao sector primario

A Deputación de Pontevedra volve a apostar pola visibilización do imprescindible traballo que levan a cabo as mulleres no sector primario, a través dunha nova campaña na que tamén reafirma o seu compromiso co comercio local e os produtos de proximidade cos cancelos #ElixeproductoLocal e #Elixegalidade. O ente provincial ten en conta a igualdade en cada unha das decisións do goberno, sendo un eixo transversal das súas ac-

cións. Este compromiso materialízase agora nunha campaña que quere poñerlle rostro e dar voz a todas esas grandes mulleres que traballan no campo, no mar e na horta con produtos que son despois protagonistas das cociñas de miles de fogares e que, pouco a pouco, volven a selo tamén das mesas dos restaurantes con estrela da provincia de Pontevedra.

Así, enmarcada na campaña "Pontevedra Provincia na Túa Cesta", lanzada en maio, e logo de

realizar unha forte aposta polos pequenos e medianos establecementos co lema "Elix Comercio Local", chega agora o momento de sacar á palestra a mulleres como Mónica Silva, Teresa Míguez, Pilar Nogueira ou Marta Bugallo que, entre varios milleiros máis, extraen e coidan con mimo os produtos que enchen as nosas cestas e enriquecen a nosa cociña.

Para a Deputación é necesario poñer en valor a enorme contribución destas mulleres xa que

tamén xogan un papel esencial na cadea que fai posible unha das principais sinais de identidade a nivel turístico da nosa provincia: a gastronomía. Fano ademais de maneira artesanal, velando polo futuro dos recursos naturais de Rías Baixas e asegurando unha explotación sostible a máis longo prazo, tal e como promove a institución provincial no marco dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible de Nacións Unidas.

Estes sectores fundamentais fo-

ron duramente afectados pola Covid-19 polo que agora, máis que nunca, é preciso consumir produto local para axudar a mitigar os posibles efectos da crise socio-sanitaria na igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. Incentivando o consumo de produtos de proximidade e dando visibilidade ás súas artífices, a Deputación de Pontevedra está axudando ao turismo, ao comercio e a hostalaría da provincia, todos eles sectores fortemente feminizados.

Arranca a Escola de Letras da Deputación de Pontevedra e Galaxia



A Escola de Letras da Deputación de Pontevedra, que conta con dúas sedes en Vigo e Pontevedra, nace con sete obradoiros que esgotaron en pouco menos de media hora a totalidade das súas prazas. O día 15 tivo lugar o primeiro, de Escritura Creativa Básica, impartido por Francisco Castro, director de Galaxia, e continúa o 22 de xuño, e en setembro en horario de 19.30 a 21.30 horas. Neste obradoiro, que ten unha lista de agarda de máis de cen persoas, afondarase no desenvolvemento da creatividade,

experimentación literaria e pracer de escribir cunha perspectiva lúdica e participativa.

A Escola impartirá os obradoiros de Escritura Creativa Básica, Escrita Creativa, Literario de Perfeccionamento, Poesía de Perfeccionamento, Literario para Maiores, Escrita Creativa Avanzada e Obradoiro Literario impartidos por Francisco Castro, Diego Giráldez, Antonio García Teijeiro e Inma López Silva, "catro nomes tan relevantes da nosa escrita que, simplemente por este feito, a Escola é xa un éxito"

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

#Elixeproducto local

#Elixegalidade

"Traballamos sen horario e con moito esforzo para ofrecer o mellor da nosa terra"

Patricia Rodríguez
Presidenta de AcuBam

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA AXENDA 2030 acuBam

Rematadas as obras de mellora da EP-2703 entre Pazos de Borbén e Ponteareas

A Deputación de Pontevedra rematou as obras de mellora da mobilidade peonil e reforzo do firme na estrada provincial EP-2703 desde o p. q. 11+300 ata o p. q. 13+500, un tramo de máis de dous quilómetros que discorre entre os concellos de Pazos de Borbén e Ponteareas. Esta actuación, enmarcada no modelo de mobilidade segura da institución provincial, foi financiada cun orzamento de 580.169,40 euros.

Os traballos realizados consistiron no reforzo do firme entre o p. q. 11+300 e o p. q. 13+500 e a mellora da mobilidade peonil entre o p. q. 12+475 e o p. q. 13+045. Dentro deste ámbito de actuación leváronse a cabo accións de limpeza, roce e demolición. Ademais, adaptouse a dre-



naxe á actuación proxectada e déuselle continuidade ao abastecemento en 240 metros do percorrido.

Tamén se realizaron movementos de terra e estruturas de contención necesarias para ampliar

a sección así como a redistribución de espazos na calzada e a execución de disipadores de velocidade. Por último, creáronse espazos de convivencia e reinstaláronse os sinais do viario adaptándoos á nova actuación.

A Deputación acometerá ata finais de ano máis de 700 actuacións en 371 estradas

Tras a situación de alarma xerada pola COVID-19 e a progresiva reincorporación do persoal de infraestruturas, o goberno da Deputación de Pontevedra xa ten en marcha un novo plan de mantemento e limpeza de brozas no viario provincial que suporá ata fin de ano máis de 700 actuacións nas 371 estradas que dependen da institución. Trátase dun programa calendarizado, que deseñouse desde os principios da eficiencia e a eficacia do traballo e baseado en criterios obxectivos de equidade determinados polo persoal técnico do servizo.

Para garantir a seguridade do persoal, durante o confinamento e as fases de desescalada, o servizo garantiu exclusivamente a atención das emerxencias nos viarios provinciais. Coa súa progresiva reincorporación, determinouse esta nova calendarización do traballo de mantemento e limpeza de brozas que xa se está a executar desde fai unhas semanas. O cronograma de actuacións, comunicado a cada concello e que será



flexible atendendo a diferentes circunstancias, marca unha distribución territorial en tres áreas de actuación na provincia: Zona Norte, Zona Centro e Zona Sur que, amais, dispoñen de brigadas específicas, polo que o coñecemento sobre o terreo é total.

Un total de 74 persoas forman parte deste operativo que realizan o seu labor a pé con medios exclusivamente mecánicos porque a Deputación non utiliza herbicidas nin produtos tóxicos para o medio ambiente. A maiores hai condutores-maquinistas que traballan con tractores dotados de brazo mecánico naqueles tramos

onde é necesario. Tamén hai empresas de mantemento que prestan labores de apoio, aínda que as súas funcións son fundamentalmente realizar reparacións.

Os traballos, que se desenvolven ao longo de todo o ano, establecen en cada unha das zonas prioridades de actuación en función da densidade de tráfico e de vexetación de cada unha das vías. Ademais, préstaselle unha especial atención as estradas provinciais por onde transcorre o Camiño de Santiago, así como as vías afectadas por eventos ou actividades organizadas polos concellos.

A crise sanitaria disparou o número de asesoramentos TIC de SmartPeme nas oficinas de Ponteareas e do Porriño



A crise sanitaria da COVID-19 disparou o número de asesoramentos e consultas TIC do programa provincial SmartPeme nas sedes de Ponteareas e do Porriño, que case triplicaron o número de asesoramentos e consultas en liña durante o plan de continxencia con respecto aos meses anteriores. Así llo informou o equipo asesor da rede SmartPeme á deputada de Novas Tecnoloxías e Desenvolvemento Empresarial, Ana María Mejías, na súa visita ás dúas sedes.

Nos tempos de confinamento, ambas as dúas oficinas sumaron máis de 300 asesoramentos, en Ponteareas realizáronse un total de 101 servizos a 71 empresas, e no Porriño 208 asesoramentos a 103 empresas. O equipo asesor do programa foi dotado coas ferramentas necesarias para o teletraballo e prestaron este servizo a todas as empresas que necesitaban axuda e asesoramento.

Durante a visita, a deputada tamén coñeceu os datos da rede en toda a provincia durante o plan de continxencia, nos que tamén se rexistrou un gran crecemento de asesoramentos en liña. En total, prestáronse máis de 899 asesoramentos a través de ferramentas de videoconferencia, correo electrónico ou teléfono a 484 empresas da provincia. Ademais, tamén se están a impartir obradoiros de formación por vía telemática aos que xa acudiron máis de 3.300 persoas. De maneira complementaria, a través de SmartPeme, tamén durante os meses

de confinamento realizouse unha webinar con José María O'Kean "COVID-19: a crise inesperada. Implicacións económicas e expectativas de saída"; púxose en marcha o proxecto Covid Makers Smartpeme, co que se ofrecía asesoramento á comunidade maker que fabricou material sanitario a través da impresión 3D; e tamén se iniciou a primeira edición do programa de aceleración de empresas do sector do comercio que conta con 10 proxectos.

En canto ao sector do turismo, especialmente afectado pola crise sanitaria e fundamental na provincia, a rede SmartPeme conta co servizo TurisTIC para impulsar e asesorar ás empresas turísticas en materia de novas tecnoloxías, modernizando e actualizando un sector no que cada vez é máis importante a dixitalización. Neste senso, no plan de continxencia a través de TurisTIC, as dúas sedes do Porriño e Ponteareas fixeron máis de 20 asesoramentos TIC a un total de 18 empresas de ambos os dous concellos.

Ademais, o programa provincial tamén conta con SmartPeme Impulsa para asesorar no eido do crecemento empresarial, innovación e internacionalización; e co Centro Provincial de Economía Dixital, no viveiro de Barro, especializado en cuestións tecnolóxicas. A rede SmartPeme conta con sete puntos de información e formación na provincia situados en Pontevedra, Vigo, Lalín, Barro, O Porriño, Cambados e Ponteareas.

BAIXO MIÑO

Tui e Zona Franca márcanse coma obxectivo a ampliación do Parque Empresarial de Areas

O Concello de Tui e a Zona Franca de Vigo van estudar a ampliación do Parque Empresarial de Areas. Así o acordaron o alcalde, Enrique Cabaleiro, o delegado da Zona Franca, David Regades. Na casa do concello mantiveron unha reunión á que tamén asistiron os concelleiros Ana Mª Núñez, Sonsoles Vicente, Yolanda Rodríguez, Laureano Alonso, José Ramón Magán e Rafael Estévez, e técnicos de Zona de Franca.

O alcalde, Enrique Cabaleiro, e o delegado de Zona Franca, David Regades, comprometéronse a redactar un convenio de colaboración que estude a ampliación

e desenvolvemento desta superficie empresarial en 200 mil metros cadrados. O parque empresarial de Areas conta cunha estratéxica situación, e verá mellorada a súa comunicación co novo acceso que terá coa A55 e coa VAP Tui-A Guarda.

O goberno municipal de Tui sitúa entre as súas prioridades “a viabilidade das empresas, dispor de chan industrial para atraer investimentos a Tui, consolidar o emprego existente e crear novos postos de traballo”, segundo explicaba o alcalde, Enrique Cabaleiro. En concreto indicaba o rexedor que a ampliación do chan industrial de Areas tería

coma obxectivo “consolidar a oferta existente e atraer novas empresas”.

O delegado de Zona Franca, David Regades, destacou coma nestes momentos na provincia se rexistra máis demanda que oferta de solo industrial. Por iso apuntaba que esta posible ampliación “é unha gran iniciativa”, sinalando que “creemos que este polígono vai ser un polígono de éxito e máis se vai co selo de Zona Franca de Vigo”. Destacaba a vantaxe xeográfica que ten Tui pola súa cercanía en Portugal”, e nese subliñaba que temos que ver en “Portugal un

aliado estratéxico” e Tui é unha porta importante a Galicia dende Portugal é Tui”.

Amáis do traballo que se está a realizar para a posible ampliación do Parque Empresarial de Areas, o alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, lembraba tamén a xestión realizada nos outros solos industriais do municipio. Así explicaba que nestes momentos esta en fase final a reordenación definitiva do chan industrial de Ribadelouro, en breve aprobarase inicialmente a reordenación do chan industrial de Baldráns, e estase a traballar na reordenación do chan industrial de Guillarei.



Curso on line de “Prevención de riscos laborais COVID19”

O Concello de Tui, a través da concellería de Formación, oferta un curso on line de “Prevención de riscos laborais COVID19”.

A inscrición pode realizarse no enderezo electrónico infocovid@tui.gal, enviando o nome e apelidos, DNI, correo electrónico e teléfono de contacto. Ofértanse 25 prazas gratuítas que se cubrirán por orde de inscrición.

O curso terá unha duración de tres horas nas que se abordará o coronavirus e a enfermidade COVID-19, como actuar, as medidas de hixiene e illamento, as medidas preventivas e as recomendacións do Ministerio de Sanidade, entre outros contidos.

Tui baliza as praias de Areeiros e O Penedo e coloca carteis informativos coas medidas preventivas da COVID19

O Concello de Tui vén de ser o primeiro concello en balizar a súas praias neste verán. Está xa colocado o balizamento da praia de Areeiros en Guillarei e mañá acometerase o do Penedo en Caldelas, sinalizando deste xeito a zona de baño.

No acceso ás praias colocáronse carteis informativos coas medidas preventivas da COVID19. Así recoméndase acceder calzado á praia, e no caso de Guillarei tamén ao pantalán. Xa no areeiro deberá gardarse a distancia social que será de 2 metros entre persoas e de 4 metros entre parasois. Amáis os grupos non poderán superar as quince persoas. Está permitido o baño e a práctica deportiva a nivel individual.

Estes dous areeiros fluviais contan tamén coa sinalización de praias libres de fume, polo



Praia Areeiros.

que non se pode fumar nas mesmas. Igualmente nos accesos pódese consultar as analíticas sobre a calidade da auga.

Dentro das medidas preventivas da COVID19 os contedores do lixo estarán situados nos accesos e non no interior da praia coma establece a normativa. Dende o Concello amáis optouse por non colocar aseos, coma en temporadas anteriores, ante a imposibilidade de cumprir as normas sanitarias de limpeza

e desinfección vixentes neste momento.

Dende o Concello de Tui faise un chamamento á poboación a acudir con responsabilidade á praia respectando todas as indicacións establecidas de distanciamento e hixiene ante a situación actual da pandemia pola COVID19.

Con esta actuación aposta pola seguridade e as garantías sanitarias nas dúas praias fluviais tudenses.

O PP critica o anuncio de ampliación do polígono de Areas

O Grupo Municipal do Partido Popular de Tui califica de desfachatez o anuncio de ampliación do Polígono Empresarial de Areas por parte do Grupo de Goberno Municipal e do Delegado da Zona Franca de Vigo.

Compromisos de pura propaganda electoralista cun trasfondo que deixa entrever unha vez máis a nefasta xestión que o Goberno Central ten feito na nosa cidade, con promesas de aparencia pero baleiras de contido.

Mediante nota de prensa o Goberno Municipal e Zona Franca de Vigo declaran que ao único que se comprometen e a facer un estudo e a seguir cunha política de pantalla, ausente de contido, e con estudos e máis estudos, e convenios e máis convenios pero con poucas realidades. Estes anuncios como nota de prensa aparentan moi ben pero a súa ineficacia práctica é evidente.

Na iniciativa do noso Concello esquecese de contar co verdadeiro motor deste e doutros espazos industriais que foi, é e será, a Xunta

de Galicia; verdadeiro titular das competencias que se imbrican no desenvolvemento dos chans industriais.

O parque empresarial de Areas cuxo promotor foi a entidade “Xestur” participada pola Xunta de Galicia e que conta con 72 parcelas, moitas delas aínda baleiras e sen actividade, precisa dun desenvolvemento e modernización que se consegue cunha mellora en infraestruturas e conectividade, tal e como se está a avanzar co apoio decidido da Xunta de Galicia. A nosa área empresarial contará gracias ao Goberno Autonómico, cunha conexión directa co vial das altas prestacións Tui – A Guarda, infraestruturas que actualmente xa está en fase de licitación.

Preténdese confundir á cidadanía, con novas que na práctica deñen ineficaces para atraer a implantación de novas empresas e xerar emprego no noso chan industrial; xerando unhas falsas expectativas para a vindeira etapa post-covid e debuxando castelos no aire.

Vinte días de espera para unha consulta de atención primaria no Rosal

Convocaranse mobilizacións semanais se a Consellería de Sanidade da Xunta non dá solucións

A Plataforma para a Defensa da Sanidade Pública do Rosal denuncia a precaria situación na que se atopa o centro de saúde do concello, a falta de persoal e o consecuente deterioro da atención sanitaria, xa que na actualidade a demora nas citas de atención primaria están a ser dunha media de 20 días. Nunha reunión mantida o pasado 17 de xuño para analizar a situación que contou coa participación de representantes do Concello, dos grupos políticos, da sanidade pública e das asociacións veciñais, a Plataforma analizou as carencias que presenta o centro de saúde, problemas que se veñen denunciando dende hai tempo que se ven agravado pola falta de persoal sanitario.

Na actualidade o Centro de Saúde do Rosal conta con só tres médicos, cando, coas ratios de pacientes recomendadas polas organizacións profesionais e a OMS, debería dispoñer de polo menos catro. Se esta situación xa xera



problemas, durante o verán veranse agravados trala decisión da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia de non cubrir as vacacións do persoal, polo que o centro quedará atendido unicamente por dous médicos durante uns meses no que aumenta considerablemente a poboación polo turismo. A Plataforma recalca que esta situación fará que se sobrecargue o PAC de urxencias da Guarda.

Para tentar buscar solucións, a Plataforma enviará unha solicitude formal á Consellería de

Sanidade na que se faga unha relación de todas as carencias que está a sufrir o Centro de Saúde e pedirase a celebración dunha reunión entre a alcaldesa do Rosal, Ánxela Fernández, e o conselleiro, Jesús Vázquez Almuiña, para tratar todas estas cuestións.

En caso de non obter resposta nin solución, a Plataforma convocará concentracións e mobilizacións semanais diante do Centro de Saúde para denunciar de forma pública unha situación considerada inaceptable.

Tui só permitirá fogueiras de San Xoán en terreos privados promovidas por particulares

O Concello de Tui só autorizará cacharelas e sardiñadas en terreos de titularidade privada, promovidas exclusivamente por particulares, previa solicitude no Concello. No caso de ser autorizadas deben adoptar as todas medidas de prevención e seguridade impostas pola lei, así como as medidas de prevención, contención e coordinación da COVID-19.

Así se indica nun bando onde fai referencia á normativa autonómica publicada no DOGA

do 13 de xuño, que no punto cuarto recolle que “sempre que a evolución da situación epidemiolóxica así o aconselle, a Administración autonómica poderá permitir o restablecemento, a partir do 1 de xullo” das festas, verbenas e outros eventos populares, así como as atracción de feira. Por este motivo no bando indícase que a concesión de autorizacións expresas para este tipo de eventos deberán ser concedidas pola Xunta de Galicia por ser a autoridade competente”.

MARTIRENA



Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.



Aridos e Formigóns

BAIXO MIÑO

A Guarda participa este xoves na presentación de #MiPlayaSinPlásticos 2020

O Concello da Guarda participa mañá xoves na presentación do proxecto #MiPlayaSinPlásticos 2020, nun formato webinar virtual no que estarán presentes, Jesús Calleja (embaixador e presentador), Javier Solans (director xeral de P&G En España e Portugal), Rami Baitié (CEO de Carrefour en España), Gonzalo Anguita (FSC), María Cabrera (Paisaje Limpio) e coma representante da Guarda, Sara Novegil Molina, técnica de medioambiente municipal.

A Guarda foi preseleccionada este ano polas súas praias, que no caso de "O Muíño" e "Area Grande" lucen dende fai anos o distintivo internacional de bandeira azul como recoñecemento á calidade medio ambiental e aos servizos que ofertan.



Estas praias contan cos servizos esixidos por Bandeira Azul como paneis informativos, análise de augas, servizo de limpeza e de recollida de residuos, duchas e aseos, e o servizo de salvamento e socorrismo que atende aos dous areas e que comeza co arranque estival.

O obxectivo de #MiPlayaSinPlásticos, que en 2019 rexistrou máis de 300.000 votos, é promover e aumentar a concienciación medioambiental en torno ao aban-

dono incontrolado de residuos nas nosas praias e paraxes costeiras. E neste ano 2020, aínda con maior motivo, por estes tempos derivados da emerxencia sanitaria provocada polo COVID-19, onde somos testemuñas do efecto que o ser humano ten no estado do entorno natural. Por elo, pensando no regreso, debemos seguir traballando para conservar o aca-
dado e seguir contribuíndo a acadar un mundo cada vez máis responsable.

Contratación de persoal para o Plan Municipal de Compostaxe

Dende o pasado día 15 de maio o Concello da Guarda conta xa cunha mestra composteira. O Concello contratou a unha graduada en Ciencias Ambientais para coordinar o proxecto municipal de compostaxe. As actuacións que se realizarán a curto prazo ao abeiro deste proxecto a son a implantación da compostaxe individual e dun punto verde para tratar en orixe a fracción vexetal xerada no municipio, co obxec-



tivo de avanzar cara sistemas de xestión de residuos máis sostibles.

A Guarda realizará a reforma das instalacións deportivas do Codesal

O luns día 8 de xuño tivo lugar a firma dun Convenio entre o Concello da Guarda e a Entidade Local Menor de Camposancos para a cesión das instalacións deportivas do Codesal ao concello da Guarda por un período de 15 anos. O concello da Guarda investirá máis de 48.000€ nestas instalacións.

Esta cesión ven motivada pola necesidade de realizar a renovación e mellora dos vestiarios existentes e instalación dun alumeadado exterior para as pistas de petanca, así como a adopción das medidas de seguridade, xestión de residuos, entre outras accións, de cara a mellorar estas instalacións para o servizo



do común dos cidadáns.

As actuacións a realizar forman parte dun proxecto redactado polo concello da Guarda que será presentado na Deputación de Pontevedra para a súa financiación dentro do Plan Concellos 2020.

O concello da Guarda encargárase do mantemento das instalacións deportivas así como da súa posta en valor ao longo dos 15 anos de cesión.

Reapertura da Piscina Municipal da Guarda

Tralo peche temporal do centro deportivo a mediados do mes de marzo, reabríronse as instalacións da Piscina Municipal da Guarda, durante este tempo adecuouse para mellorar e garantir así a seguridade de usuarios e traballadores.

Aplicáronse tódolos protocolos de desinfección e limpeza ante o Covid-19 cumprindo coa normativa sanitaria establecida.

Determinábase o uso obrigatorio de mascarillas nas zonas de paso común (entrada, pasillos, etc.). Fíxéronse cambios no centro para respectar a distancia mínima de

dous metros no ximnasio, vestiarios, duchas e piscina, e, desta maneira, poder adestrar sen mascarillas. A disposición de todos hai produtos desinfectantes e xel hidroalcohólico, así coma un incremento das horas de limpeza en horario de apertura e peche da instalación. Non será preciso reservar cita previa.

O Concello de A Guarda fíxose cargo do reforzo das estruturas de aire da cuberta da piscina e o pintado do recinto do vaso.

Tódolos aboados recuperarán o servizo pagado e non desfrutado do mes de marzo durante o mes



de Xuño.

Damos por finalizado o curso da escola de natación de nenos e adultos, quedando reservada a praza no mesmo horario para a recuperación durante o novo curso 2020-2021.

APÚNTATE AO NOSO
CANAL DE TELEGRAM



<http://xnea.eu/telegram>



SIGUE AO DÍA NA
NOSA PÁXINA WEB



<http://xnea.eu/web>



Gonzalo Caballero comprométese a que un goberno socialista na Xunta dotará a todos os estudantes galegos de ordenador con conexión a internet desde casa



Presentación da candidatura de Pontevedra diante do Marco, en Vigo.

O candidato socialista á presidencia da Xunta, Gonzalo Caballero, comprometeuse a dotar a todos os estudantes galegos de ordenador e conexión a internet “para resistir a nova etapa na que a dixitalización é fundamental”. O líder dos socialistas galegos empregará os fondos que correspondan a Galicia da partida de 2.000 millóns de euros que o goberno de España vai repartir entre as comunidades para a mellora da educación, incluíndo a posta en marcha dun Plan de Dixitalización do Ensino así como un incremento do persoal docente.

O secretario xeral do PSdeG protagonizou a presentación da candidatura socialista ao 12X por Pontevedra, que hoxe se reuniu en Vigo xunto co alcalde, Abel Caballero e a presidenta da Deputación, Carmela Silva. Dende alí respaldou o esforzo por parte do goberno de Pedro Sánchez en materia de educación pública,

que será, subliñou, “a bandeira do goberno progresista na Xunta de Galicia”.

Gonzalo Caballero lamentou que “o único presidente autonómico ao que non lle gusta que o goberno de España dispoña fondos para a mellora da educación pública é Feijóo, porque non lle gusta a educación pública”. Fronte a esta actitude, comprometeuse a aproveitar os fondos estatais para “fortalecer o ensino público” e adaptalo ao novo tempo.

O líder dos socialistas galegos subliñou que as partidas procedentes do Goberno de España permitirán tamén contar con “máis docentes, un sistema de bolsas de ensino máis potente, máis capacidade para dotar os comedores escolares” e a dixitalización, ademais dos “libros de texto gratuítos”.

Gonzalo Caballero salientou así que o goberno de España “acaba de aprobar 16.000 millóns de euros para dotar ás comunidades autónomas de posibilidades

para facer mellores políticas” e dotarse dun “escudo protector” para a cidadanía. Ademais, dixo, incorporan os sinalados 2.000 millóns para “defender o dereito dos e das estudantes de Galicia a ter unha educación pública de calidade”.

“O CAMBIO POSIBLE E NECESARIO”

O candidato socialista á Xunta aproveitou a presentación da candidatura de Pontevedra para apostar polo “cambio posible e necesario” na Xunta de Galicia, que “vaise producir pola mobilización crecente do electorado progresista”. Dixo que “de novo existen todos os impulsos para que o 12X Galicia abra unha nova etapa de progreso, de futuro e de posibilidades”.

Por iso, Gonzalo Caballero reclamou a “todos os galegos e galegas que se involucren” e “apoien o cambio que necesitamos para o futuro do país” porque “non nos podemos arrepentir catro anos máis de gobernos do PP, da dereita

e de Feijóo, e temos que facelo cun compromiso claro coas políticas de progreso”.

O dirixente socialista interveu en Vigo, onde dixo que “queremos gañar porque a vitoria en Vigo será a vitoria progresista para a nova etapa en Galicia liderada polo PSdeG en conexión co municipalismo”. Reivindicou un goberno galego que traballe “a ca-

mente rexeitamento e tensión permanente e incapacidade de compromiso”. Puxo en valor o traballo municipal deste concello, “referencia en toda España”, onde o presidente da Xunta demostrouse “omnipresente nos medios pero ausente nas medidas”.

Tivo que ser, puntualizou, “o goberno municipal con Abel Caballero á cabeza o que lle dera

O candidato socialista destaca que os 2.000 millóns de euros extra que o goberno de España destina á educación nas autonomías permitirán un plan de fortalecemento e adaptación do ensino público galego

rón do alcalde de Vigo para facer mellores políticas públicas que a cidade demanda”.

Gonzalo Caballero reivindicou que os veciños e veciñas de Vigo “saben que con Feijóo non hai avance nin compromiso, simple-

mente resposta aos problemas e necesidades da cidadanía fronte á crise, como máximo colaborador do goberno de España para desenvolver o ingreso mínimo vital e que chegue a todos os cidadáns”.

O PP consegue que o goberno de Ponteareas rectifique e permita o acceso á ludoteca ós nenos con enfermidades crónicas

O Grupo Municipal do Partido Popular conseguiu no pleno do 16 de xuño, que o goberno do Concello de Ponteareas rectifique parcialmente despois da polémica xerada a finais do pasado ano 2019, cando pretendía excluír do servizo da Ludoteca municipal ao nenos/as que tiveran enfermidades infecciosas crónicas como o VIH ou determinados casos de Hepatites.

A partir de agora os nenos que padecen estas enfermidades, sempre que as súas condicións de saúde o permitan, poderán desfrutar deste servizo municipal lúdico-educativo. "O goberno bipartito pretendía practicar unha exclusión social inadmisíble, propia de pensamentos doutras épocas. Non había, nin hai, ningunha razón obxectiva para que non se permita o acceso deste nenos/as á Ludoteca municipal", critican os populares.

Os populares lamentan que o goberno non modifique outros criterios, por exemplo autorizar que os nenos/as de 2 a 5 anos poidan utilizar a Ludoteca municipal, xa que a Xunta de Galicia autoriza, para este tipo de servizo municipal, que se poida contar con rapaces de 2 a 12 anos. "No resto de concellos veciños non hai esta limitación de idade".

Coa aprobación definitiva do Regulamento da Ludoteca, BNG-PSOE tampouco deixarán actuar, nun primeiro momento, ós traballadores deste servizo cando un neno/a teña unha emerxencia sanitaria, como pode ser unha reacción alérxica grave, un atragantamento ou unha baixada de azucre. Cuestión que é totalmente contraria ao que se vén realizando nos centros educativos de todo Galicia co programa "alerta escolar" do 061. "Hai nenos que son alérxicos e que teñen que levar a súa medicación sempre

con eles por que lles pode salvar a vida en calquera momento. Impedir que os profesionais da Ludoteca poidan administrar esa medicación en casos nos que perigue a vida dun neno/a é algo que supera toda lóxica e sentido común", explican os populares.

Por último, a voceira popular Belén Villar, contesta as afirmacións vertidas pola Concelleira de Servizos Sociais do BNG que acusaba no seu momento ao PP de "irresponsable por intentar, una vez máis, desinformar á cidadanía".

"O tempo pon a cada un no seu lugar. O Goberno ten que escoitar máis aos veciños, os grupos da oposición e aos traballadores municipais que son quen mellor coñecen os servizos. Dende o PP de Ponteareas non imos permitir que se practique ningún tipo de exclusión social por motivos de saúde ou idade".

O PP pide a comparecencia do Alcalde para que explique porque é necesario un novo proxecto para a EDAR

O Grupo Municipal do PP lamenta decatarse pola prensa do novo atraso que sufrirá a obra de ampliación da EDAR, xa que o alcalde afirmaba fai máis dun ano que "xa tiña nas súas mans o proxecto da depuradora no municipio de Ponteareas".

Os populares non entenden este "novo encargo" xa que o Ministerio de Fomento xa realizou en 2018 un proxecto, o cal custou máis de 100.000 euros, e que segundo palabras do propio alcalde tiña e estaba a ser analizado polo Goberno local. "O último que se nos dixo aos grupos da oposición é que o proxecto estaba finalizado e sendo estudado polo Goberno. Visitou Madrid para, segundo dixo, acelerar estas obras, parece que ou os seus socios de Goberno (PSOE) tómanlle o pelo ou que realmente enganounos cando dixo que en 2020 empezaría as obras da nova EDAR".

Hai días informábase os medios de comunicación da redacción dun novo proxecto, no prazo duns cinco meses, cuestión descoñecida polos populares. "Agora volven encargar un novo proxecto polo que pagarán outros 75.000 euros. Non sabemos nada deste novo proxecto. Que pasa entón co encargado en 2018? Está a dilapidarse o diñeiro público. Un novo proxecto supón un novo atraso na realización da EDAR. Os nosos veciños do rural necesitan xa ter saneamento e mentres estas obras non se executen non poderán gozar de el", informan desde o PP.

O Grupo do PP solicitará a comparecencia do alcalde no pleno porque consideran que esta obra é clave e prioritaria para o municipio. "Terminar o saneamento do noso municipio debería ser unha prioridade. Sen a EDAR non é posible. Non entendemos este cambio de criterio".

A asociación Ponte Solidario recada 3.311,69€ durante a crise da COVID-19

Dende que comezou a crise da COVID 19 en marzo, as demandas de unidades de convivencia solicitando alimentos e outros produtos de primeira necesidade incrementáronse notablemente. Ponte Solidario está composto na actualidade por máis de 40 fami-

lias e nas últimas semanas está facendo fronte ás novas demandas con notables dificultades ao non poder realizar recollidas nos supermercados e tampouco levar adiante eventos de recadación económica. Ante a gravidade da situación, nas redes sociais lanzouse unha campaña na que co-

laborar economicamente coa asociación para poder facer dúas compras –por valor de 2.633,23€- dos alimentos e produtos de hixiene necesarios. O total recadado nesta acción ascendeu a 3.311,69€.

O colectivo, que leva traballando dende 2013, componse

integralmente por persoal voluntario e organizado de forma asemblearia. A participación activa da cidadanía é un dos piares esenciais de funcionamento e faise máis notable nestes momentos de crise.

As persoas interesadas en colaborar poden contactar no 600

58 43 86 ou no correo electrónico pontesolidario@gmail.com tanto para ofrecer o seu tempo voluntario como para doar alimentos, produtos de hixiene e limpeza. Nestes intreos o máis necesario son produtos de hixiene, aceite, leite, conservas e alimentación de bebé.

LIMPIEZAS PONTEAREAS

Comunidades, colegios, oficinas, moquetas, abrillantado de suelos, primeiras obras, fachadas

986 861 052 limpiezasponteareas@gmail.com

Rúa As Lavandeiras, 3 baixo Ponteareas

Talleres Guiller Motor

Pazo-Lira, 24
36459 SALVATIERRA (Pontevedra)

Venta de vehículos usados

Tel/Fax 986 66 15 41

SPG TALLERES

REFORZO ESCOLAR · IDIOMAS · TÉCNICAS DE ESTUDIO
PEDAGOGÍA TERAPÉUTICA · TALLERES INFANTÍS
FORMACIÓN PARA ADULTOS

TEMPOS MATRÍCULA GRATUITA
CENTRO DE ESTUDIOS

CLASES DE TODAS AS MATERIAS para alumnos de infantil, Primaria, ESO e BACH

Reveriano Soutullo, 3 · Tº 8
654 07 57 51